



CERTIFICACIÓN

D^a ANA VELO RUIZ, SECRETARIA XERAL DO CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA).

CERTIFICO: Que a Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria realizada o día 24-05-2024, adoptou o seguinte acordo:

<< 14. ASUNTOS VARIOS

Pola Presidencia sométese a consideración da Xunta de Goberno Local, por razóns de urxencia, a seguinte proposta:

14.2 APROBACIÓN DO EXPTE. DE CONTRATACIÓN “MELLORA DE FIRMES NOS LUGARES DE MUNDIN, AS BIEITEIRAS, SANTALLAMAR E OUTROS”. POS+2023

Vista a proposta de Alcaldía, asinada dixitalmente con data 24.05.2024, que literalmente di:

“PROPOSTA DE ALCALDÍA

ASUNTO: APROBACIÓN DO EXPTE. DE CONTRATACIÓN “MELLORA DE FIRMES NOS LUGARES DE MUNDIN, AS BIEITEIRAS, SANTALLAMAR E OUTROS”. POS+2023

Nº Expediente: 2023/C003/000001

Este concello necesita levar a cabo a contratación da obra denominada "MELLORAS DO FIRMES NOS LUGARES DE MUNDÍN, AS BIEITEIRAS, SANTALLAMAR E VILACACÍN E NAS RÚAS C. PONTUS E CUARTEL" , segundo o proxecto técnico redactado pola enxeñeira D.^a Ana Adelina López López en xaneiro de 2023, cun orzamento total por contrata que ascende á cantidade de 130.338,45 € IVE incluído.

Este proxecto técnico está incluído no Plan de Obras e Servizos da Deputación Provincial (POS+2023), e foi aprobado polo Pleno municipal de data 13.02.2023.

A actuación que se pretende é a mellora do firme en distintos camiños municipais que dan acceso a núcleos rurais de poboación, como é o caso dos camiños de Mundín, As Bieiteiras, Santallamar e Vilacacín; e no casco urbán a actuación está destinada á melloa do firme das rúas C. Ponthus e Cuartel.

Constan no expediente os seguintes documentos: Os documentos e actuacións obxecto de fiscalización constan no expediente de contratación número 2023/C003/000001

- Proxecto técnico de xaneiro de 2023, redactado pola Enxeñeira D.^a Ana Adelina López López, cun orzamento total por contrata que ascende á cantidade de 130.338,45 € IVE incluído.
- Informe técnico sobre a non división en lotes, sobre a non necesidade de obtención de autorizacións sectoriais e sobre a aptitude urbanística, de data 01.02.2023.
- Informe técnico-xurídico sobre a dispoñibilidade dos terreos de data 02.02.2023 asinado polo arquitecto técnico municipal e a secretaria acctal. do Concello.
- Memoria xustificativa da necesidade do contrato de data 17.04.2024 asinado pola Alcaldía.
- Prego de cláusulas administrativas particulares asinado pola Alcaldía o 17.04.2024.
- Providencia da Alcaldía de data 17.04.2024 propoñendo o inicio do expediente de contratación de obra.
- Acta de replanteo previo de data 18.04.2024



- Informe xurídico favorable, de data 22.05.2024.
- Informe de fiscalización favorable, de data 23.05.2024

Por todo o exposto, propono á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

1. Aprobar o expediente de contratación, mediante procedemento aberto simplificado, para o proxecto denominado “MELLORAS DO FIRMES NOS LUGARES DE MUNDÍN, AS BIEITEIRAS, SANTALLAMAR E VILACACÍN E NAS RÚAS C. PONTUS E CUARTEL”.
2. Autorizar, en contía de 130.338,45 € IVE incluído, o gasto que para este Concello representa a contratación referenciada.
3. Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexerá o contrato de obra denominado “MELLORAS DO FIRMES NOS LUGARES DE MUNDÍN, AS BIEITEIRAS, SANTALLAMAR E VILACACÍN E NAS RÚAS C. PONTUS E CUARTEL” por procedemento aberto simplificado e asinado pola Alcaldía con data 17.04.2024.
4. Publicar a licitación na Plataforma de Contratos do Estado, expresando que o prazo de presentación de proposicións será de vinte (20) días naturais contados desde o día seguinte ao da súa publicación.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda ratificar a urxencia e aprobar a proposta nos termos nos que quedou transcrita.>>

E para que conste, e coa salvidade prevista no artigo 206 do R.O.F., expídese a presente certificación de orde e co visto e prace do Sr. Alcalde, D. Pablo Diego Moreda Gil.

En Cedeira, asinado dixitalmente na data que figura na marxe.

Visto e prace
O ALCALDE